



REGULAMENTO DE COMERCIO AMBULANTE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aprobado polo Pleno da Corporación o 28 de setembro de 2006. Publicado no BOP de A Coruña de 25 de outubro de 2006.

Capítulo I: Disposicións Xerais

Artigo 1.- Obxecto

A presente disposición ten por obxecto a regulación do comercio ambulante dentro do ámbito territorial do Concello de Santiago de Compostela, consonte ao establecido na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, a Lei estatal 7/1996, de ordenación do comercio polo miúdo e o Decreto da Consellería de Industria e Comercio 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación do comercio ambulante.

Artigo 2.- Concepto e modalidades do comercio ambulante

1. Considerase venda ambulante a realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontables ou transportables, incluíndo os camións tenda.

2. O comercio ambulante unicamente poderá levarse a cabo en mercados periódicos ou ocasionais, anexos a mercados fixos ou en postos instalados na vía pública que sexan desmontables ou en vehículos.

3. Queda prohibido no termo municipal de Santiago de Compostela o exercicio do comercio ambulante en vehículos con carácter itinerante así como fóra dos lugares e datas autorizados.

Capítulo II: Exercicio da actividade

Artigo 3.- Requisitos para o exercicio do comercio ambulante

3.1.- O comercio ambulante poderá ser exercida por toda persoa física o xurídica legalmente constituída que se dedique profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos no presente Regulamento e na normativa de aplicación.

3.2.- O exercicio da actividade esixe a previa obtención da autorización municipal e o cumprimento das condicións recollidas no artigo 10.2 do Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante ou na normativa que o substitúa.

3.3.- A autorización municipal, que terá vixencia anual, será outorgada polo Concello ós interesados que o soliciten e que cumpran os requisitos ós que se refire o parágrafo anterior; conterá os seguintes datos:

- a. Nome e apelidos ou denominación social, domicilio e DNI/CIF do titular da autorización.
- b. Modalidade de comercio ambulante que se autoriza.
- c. Determinación dos artigos que poden ser obxecto de comercialización, especificando as condicións particulares de hixiene e/ou seguridade especialmente necesarias para o caso.
- d. Determinación dos lugares e dimensións, así como dos días, horario e frecuencia para os que se autoriza o exercicio do comercio ambulante.
- e. Determinación do número de persoas habilitadas para a venda baixo a dependencia do titular da autorización.
- f. Referencia á obriga de coñecer e cumprir a normativa do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.
- g. Condicións particulares ás que, se é o caso, quede suxeito o titular da autorización.
- h. Período de vixencia da autorización.

3.4.- A autorización para o exercicio do comercio ambulante é persoal e intransferible, non obstante o Concello poderá habilitar, ademais do seu titular, ó cónxuxe deste e ós seus descendentes maiores de 16 anos.

Artigo 4.- Modalidades de comercio

4.1.- Mercadiños periódicos e ocasionais

1. A modalidade de venda en mercadiños periódicos e ocasionais é aquela que se realiza mediante a agrupación de postos ubicados no solo cualificado como urbano, nos que se exerce a venda ó por menor de artigos con oferta comercial cerrada, da que se exclúen os produtos alimenticios.

2. Con carácter xeral estes mercadiños terán un horario de funcionamento desde as 9.00 ata as 14 horas, salvo que se autorizara expresamente outro horario.

3. O día de celebración poderá alterarse por coincidencia con algunha festividade ou acontecemento, comunicándose aos vendedores a nova data de celebración.

4. As autorizacións poderán suspenderse temporalmente por mor de obras na vía pública ou nos servizos, tráfico, imposibilidade sobrevida da súa celebración ou outras causas de interese público. Esta suspensión non xenerará dereito a indemnización por danos e prexuízos ós titulares dos postos afectados.

5. Se por circunstancias especiais fora preciso o traslado de algún mercadiño, tramitarase o oportuno expediente no que serán oídos os representantes dos usuarios. O traslado non xenerará dereito a indemnización ningunha ós titulares dos postos.

4.2.- Mercadiños sectoriais

1. A modalidade de venda en mercadiños sectoriais é aquela que se realiza mediante a agrupación de postos ubicados en solo urbano, nos que se exerce a venda ó por menor de artigos correspondentes a un mesmo sector comercial.

2. O Concello poderá acordar a instalación de mercadiños sectoriais para conseguir a revitalización dun sector comercial ou dunha zona da cidade. No acordo que se adopte, fixarase a súa ubicación e as bases para acceder ós mesmos.

4.3.- Aillados na vía pública

1. A modalidade de venda en enclaves aillados é a que se realiza mediante ocupantes de espazos na vía pública de xeito habitual ou ocasional.

2. Só se autorizará a instalación de postos en enclaves aillados na vía pública cando a súa localización non implique dificultades para a circulación de peóns, tráfico rodado ou calquera outro servizo para a seguridade cidadá.

3. Nos postos destas características permítense as seguintes modalidades de venda:

* Produtos de confitería, froitos secos e produtos envasados.

* Complementos, bisutería e artesanía.

* Publicacións e libros.

* Flores e plantas.

* Artigos navideños non alimentarios.

4.4.- No anexo inclúense os mercadiños actuais. A incorporación ou cambio dos mesmos poderá facerse mediante acordo da Xunta de Goberno Local nos termos e coas condicións recollidas no presente Regulamento.

Artigo 5.- Solicitudes

As solicitudes para a obtención destas autorizacións presentaranse no Concello mediante escrito no que se recollerán os seguintes datos:

a. Para as persoas físicas: nome e apelidos, domicilio e copia do DNI ou do pasaporte en vigor, no seu caso. Pasaporte ou tarxeta de residencia para os cidadáns comunitarios ou tarxeta de residencia e permiso de traballo para os non comunitarios.

b. Para as persoas xurídicas: acta de constitución, estatutos e CIF así como escritura de apoderamento outorgada a favor da persoa que asine a solicitude en representación da sociedade.

c. Nome, apelidos, copia do DNI e acreditación do parentesco da persoa que actuaría como suplente nos casos recollidos no presente Regulamento.

d. Emprazamento no que se pretende exercer a actividade.

e. Mercadorías ou artigos que serán obxecto da venda.

f. Dimensións do espazo de ocupación que se pretende.

g. No caso de que a autorización sexa solicitada por persoa xurídica, esta fará constar na solicitude a persoa ou persoas físicas que exercerán a actividade nos termos do presente Regulamento, así como a acreditación da relación que estas manteñen coa sociedade.

h. Se se trata de venda de produtos alimentarios acompañarase o carné de manipulador de alimentos en vigor.

i. Alta no réxime correspondente da Seguridade Social e certificado de atoparse ó corrente no pagamento das obrigas coa Seguridade Social.

j. Tarxeta de inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes da Xunta de Galicia.

k. Alta no IAE, nos casos nos que proceda, e declaración de alta no censo de obrigados tributarios

Artigo 6.- Procedemento de outorgamento das autorizacións

O prazo para a presentación da documentación tanto para as novas adxudicacións como para as renovacións será do 15 de setembro ó 15 de outubro de cada ano. Aqueles titulares de autorizacións que non solicitaran a súa renovación no devandito prazo, perderán o seu dereito ao exercicio da actividade.

A adxudicación das novas licenzas realizarase por acordo da Xunta de Goberno Local previa celebración do correspondente sorteo entre as solicitudes presentadas que cumpran os requisitos establecidos na presente norma.

As autorizacións terán unha vixencia anual renovable por períodos de igual duración.

As autorizacións entregaranse previa acreditación do pagamento das cantidades establecidas na correspondente Ordenanza Fiscal.

Nos supostos excepcionais e debidamente xustificados nos que resulte imposible aportar a documentación requirida xunto coa solicitude, outorgarase un prazo de 15 días para a súa aportación contados desde a adxudicación deste. Nestes supostos a resolución virá condicionada á acreditación da documentación.

Artigo 7.-

7.1.- Asignarase un posto por persoa, sexa esta física ou xurídica, se ben no caso das sociedades cooperativas de traballo asociado, poderase outorgar ata un máximo de dez postos para os cooperativistas que queiran exercer a actividade.

7.2.- As autorizacións son persoais e intransferibles, se ben nos casos de enfermidade do titular, suficientemente acreditada, ou ante a concorrencia dunha causa debidamente xustificada, o Concello, valorada a entidade da circunstancia, poderá autorizar temporalmente, ata un máximo de seis meses (agás situacións excepcionais documentalmente xustificadas), o exercicio da venda ó suplente designado polo titular, sempre que este reúna os requisitos esixidos para o exercicio da actividade.

Artigo 8.-

O número total das autorizacións será fixado polo Concello en función dos espazos idóneos dispoñibles e das solicitudes presentadas.

En atención ás características propias do exercicio desta actividade, o número de autorizacións asignadas ás persoas xurídicas, non poderá exceder do 50% do número total das outorgables para cada zona.

Artigo 9.- Uso das autorizacións

Unicamente se outorgarán licenzas para a instalación de postos temporais de venda naquelas áreas da cidade determinadas por acordo corporativo, tras o informe técnico e o das Entidades ou Asociacións representativas que sexan consultadas. Os citados informes non teñen carácter vinculante.

Artigo 10.-

A licenza municipal débese expoñer en lugar visible e estar a disposición dos Funcionarios Municipais competentes, que na súa falta poderán prohibir o exercicio da actividade e a ocupación.

Artigo 11.-

Os postos de venda serán facilmente desmontables e a actividade e a ocupación soamente poden ter lugar nos días e horas sinalados pola Corporación Municipal na licenza correspondente.

Os postos de venda non se poden situar en accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais e industriais nin diante dos seus escaparates e exposicións, nin en lugares que dificulten eses accesos e a circulación peonil.

Os vendedores ambulantes en mercadiños e mercados ocasionais ou periódicos, deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís e responder dos produtos que vendan de acordo coas leis e disposicións aplicables.

Artigo 12.-

As autorizacións extinguiranse pola expiración do seu prazo, pola renuncia expresa do seu titular, polo falecemento ou quebra do titular declarada mediante resolución xudicial firme e polas causas de revogación contempladas no presente Regulamento.

Capítulo III: Infraccións e sancións

Artigo 13.- Infraccións

13.1.- O incumprimento das normas establecidas no presente Regulamento así como das determinadas na normativa reguladora do comercio minorista e da defensa dos consumidores e usuarios, dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador que se axustará ás determinacións do RD 1398/1993, do 4 de agosto polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

13.2 .- As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Serán faltas leves:

- a. As pequenas discusións.
- b. A non retirada do posto dentro do horario establecido.
- c. Non expoñer en lugar visible a tarxeta de autorización municipal.
- d. Non comunicar ó Concello os cambios de domicilio do titular da autorización.
- e. A ocupación do dominio público con módulos ou vehículos cando non estea expresamente autorizado.
- f. Empregar megáfonos ou altosfalantes sen autorización.
- g. Calquera outra infracción ó disposto neste Regulamento que non estea cualificada como falta grave ou moi grave.

Serán faltas graves:

- a. As discusións que alteraran o orden público.
- b. A falta de ornato e limpeza das instalacións e da súa zona circundante.
- c. Non ter perfectamente visibles os prezos dos artigos postos á venda.
- d. O desacato ou desobediencia ás disposicións, mandatos ou ordes do Concello por medio de calquera dos seus membros, axentes ou funcionarios competentes nesta materia.
- e. As modificacións na estrutura das instalacións ou postos sen autorización ou incumprindo as normas dictadas polo Concello ó respecto.
- f. As defraudacións na cantidade e cualidade dos xéneros vendidos.
- g. Non acreditar con factura ou albarán xustificativo a correspondente procedencia da mercadoría á venda para a súa posible comprobación e control.
- h. O peche do posto sen autorización máis de tres días ó ano sen xustificación.
- i. A venda de artigos distintos ós autorizados.
- j. Non estar en posesión do carné de manipulador de alimentos cando a actividade que desenvolva así o requira.
- k. Non instalar o posto no lugar asignado a tal efecto.
- l. Tirar ou deixar no dominio público o lixo ou refugallos da actividade.
- m. A reiteración de calquera falta leve no transcurso dun ano desde a comisión da primeira.

Serán faltas moi graves:

- a. O abandono inxustificado do posto durante máis de trinta días ó ano.
- b. O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente.
- c. A instalación dos postos sen autorización ou a realización de venda en tránsito a pé sen dispor da autorización municipal.
- d. Non estar inscrito no imposto de actividades económicas ou non estar ó día no pagamento das obrigas coa Seguridade Social.
- e. A venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde.
- f. A venda de produtos que vulneren as leis de propiedade intelectual
- g. O incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se vendan
- h. A reiteración de dúas faltas graves dentro do ano

A aquelas infraccións da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984 do 19 de xullo, Xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, seralles de

aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como nas normas que o desenvolven.

Artigo 14.- Sancións

As sancións que se aplicarán serán as que seguen:

1.- Por faltas leves:

- a. Apercibimento
- b. Multa de ata 750,00 euros

2.- Por faltas graves:

- a. Multa de 750,01 ata 1.500,00 euros.
- b. Suspensión temporal da autorización de 15 a 30 días hábiles

3.- Por faltas moi graves:

- a. Multa de 1.500,01 ata 3.000,00 euros
- b. Suspensión temporal da autorización de 30 días hábiles a 6 meses
- c. Revogación da autorización sen dereito a indemnización, ata coa posibilidade de chegar a comisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

Ademais, no caso de infracción moi grave, poderá impoñerse a sanción de prohibición para o exercicio da actividade en todo o municipio por período de ata 3 anos. Esta sanción aplicarase acumulándoa á contemplada na letra c).

4. Todo vendedor sancionado economicamente non poderá exercer a venda en tanto non aboe a contía da sanción.

5. As sancións graduaránse en función do volume de facturación ó que afecte, cuantía do beneficio obtido, intencionalidade, prazo de tempo no que se cometera a infracción.

6. Correspóndelle ao Sr. Alcalde-Presidente a imposición de multas e demais sancións, agás as moi graves, que serán competencia da Xunta de Goberno Local.

Artigo 15.- Retirada ou comiso de mercadorías

No caso de reiterada pretensión dalgún vendedor de exercer a actividade sen a correspondente licenza, poderá serlle retirada a mercadoría sen dereito a indemnización.

Esta medida terá carácter cautelar, e garantirá a efectividade do cobro das sancións que correspondan.

Igualmente, cando se atopen á venda produtos que vulneren a normativa sobre propiedade industrial ou intelectual, poderá procederse ó comiso das mercadorías, procedendo á formalización da denuncia ante a autoridade competente, e á aseguranza da mercadoría como proba da infracción cometida.

Disposición transitoria

Os comerciantes ambulantes que veñen exercendo este tipo de venda no momento de entrada en vigor desta norma, e que reúnan os requisitos nela establecidos, conservarán o sitio no que se veñen instalando, debendo obter a preceptiva licenza municipal no prazo de un mes a contar dende a súa publicación no BOP.

Disposición derradeira

O presente regulamento entrará en vigor unha vez sexa publicado integramente o seu texto no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, quedando derogado o Regulamento DE Venda Ambulante aprobado polo Pleno da Corporación o 10 de outubro de 1988.

ANEXO

RELACIÓN DE MERCADIÑOS

- * **Periféricos e ocasionais:** Mercadiño ubicado na explanada de Salgueiriños
- * **Sectoriais:** Mercadiño ubicado na Rúa Nova